

Avilés de Taramancos presidente

Nova directiva e nova etapa da Asociación de Escritores en Língua Galega

O pasado sábado a Asociación de Escritores en Língua Galega, que conta con perto de 150 criadores adherentes, elixiu unha nova Xunta Directiva que pon fin ao interin criado, agora xa hai perto dun ano, cando se fixera cargo da mesma unha Xunta Xestora, e afronta unha nova etapa.



Avilés de Taramancos

"Despois da crise e dimisión da antiga directiva, tratábase de conseguir que a nova que se fixera cargo acadara un quorum de "confianza", manifestounos Xaquín Agulla, novo secretario da AELG, que viña formando parte da xestora provisoria e quen, con María do Carmen Kruckenberg, son as únicas persoas desa etapa que seguen no novo organismo. A directiva conformouse con Antón Avilés de Taramancos na presidencia; Kruckenberg na vicepresidencia; Monterroso Devesa como tesorero; Agulla como secretario e nas distintas vocalías: Alvarez Cáccamo (coordenación de publicacións), Manuel Rivas (meios de comunicación), Pilar García Negro (relacións con outras comunidades do Estado), Pilar Vázquez Cuesta (relacións internacionais coa área luso-brasileira), Xosé Manuel Martínez Oca, Pilar Pallarés e Porto Matalobos.

O proxecto máis importante que afronta esta nova directiva é o da organización do Congreso de Escritores en Língua Galega, que tería así unha segunda edición, para o que non hai fixada aínda data nen contido. A resposta ante no Ano de Castelao, as reivindicacións plantexadas a respecto do idioma (problemas coa normativa, cuestións de contratos...) e a asistencia ao Congreso Internacional de Escritores en Línguas de Países sen Estado, a celebrar en Outubro no País Basco, foron os outros temas tratados na asemblea.

A AELG pronunciosc, maioritariamente, "en contra da permanencia do Estado español na OTAN".

OS NOVOS CONDUTORES DA AELG

Avilés de Taramancos, emigrou no 1960 a Colombia tornando a Galiza no 1980. Da súa obra poética podemos destacar: As Moradías do Vento (1955). A fruta e o garmelo (1955). O

tempo no espello (1982). Cantos Caucanos (1985).

Mª do Carmo Kruckenberg. Viveu durante anos en Europa e en América, con importantes lazos coa intelectualidade exiliada. Ten obra en castelano e en galego. Cantigas do vento (1956). Canabal de Ouro (1962). Cantigas para un tempo esquencido (1986).

Xaquín Agulla Pizcueta. Cántigo (1981). Ensoños da Breila (1982) A Caieira (1985), son algunhas das súas obras. Levou o II Premio de Teatro Infantil de Xove. Ten en preparación "A viaxe alucinante de Peter o cosmonauta".

Xosé Mª Monterroso. Residiu desde os 6 anos en Uruguai de onde voltou no 1964. Destaca na súa obra Cara ao lonxe, noite adiante (1973); Nau cñfeitizada (1979); Galegos e galeguismo (1979). Animador da Agrupación Cultural O Facho.

Xosé M. Martínez Oca. Pertence á nova narrativa galega. Premio Pedrón de Ouro, con A Negra (1978) e Blanco Amor-83 con Bcramar. Ten numerosas obras editadas.

Xosé Mª Alvarez Cáccamo. Exerce a crítica literaria en varias publicacións nacionais e estranxeiras. Praia das furnas (1983); Arquitecturas da Cinza (1985). Edición comentada de Longa Noite de Pedra (1985); Os documentos da sombra (en preparación).

Pilar Pallarés. Sétima soidade (1984). De amor e desamor I e II (colectiva-1985). Ten publicado traballos de crítica literaria.

Porto Matalobos. Vencellado ao cido da ctnografía. Crónicas de Portugal (1976). Rúa Nova (1982). Bandas e Gaitas de Galicia (próxima publicación).

Pilar Vázquez Cuesta. É unha das máximas representantes da cultura galego-luso-brasileira. Un seu librp, "Gramática Portuguesa", é de coñecimento obrigado de calquer estudo do noso idioma comun. Ten numerosa obra sobre língua e literatura da nosa área lingüística e cultural.

Pilar García Negro. Coñecida polos seus traballos no eido da sócio-lingüística e polo seu profundo estudo da obra de Rosalía de Castro. Problemática das línguas sen normalizar (1980). 33 aproximacións á língua e literatura galegas (1984). Castelao, contra a manipulación (1984). Rosalía de Castro: unha obra non asumida (1985).

Manuel Rivas. Xornalista galego, actualmente en TVG. Libro do Entroido (1980). Partidos políticos na Galicia. Historia dunha frustración; Balada nas praias do Oeste (1985).

X.C.



Campana contra o Decreto de Bilingüismo (1978)

Ámplia convocatória a un Encontro Nacional sobre a normalización lingüística

Os días 18, 19 e 20 de Abril as entidades e persoas que dunha ou outra maneira teñen que ver se decote co problema da normalización lingüística terán un amplo foro para discutir os problemas, atrancos, necesidades e decisións a tomar nos vindeiros meses. isto é o obxectivo dos organizadores do "Encontro: Estado actual da normalización lingüística (análise da política oficial e alternativas)" que convocan a Asociación de Escritores en Língua Galega, Asociación Sócio-Pedagóxica Galega e a Federación de Asociacións Culturais e apoia a Associação Galega da Língua.

"Un foro desde o que por 1ª vez se poidan debater posicións que ás veces están enfrentadas" ao cal os organizadores invitan

a centros de ensino, sindicatos, asociacións de funcionarios, Escola Galega, Escola Viva, Instituto da Língua Galega, Asociacións de Pais en defensa da Língua, Consello Galego de Cultura, Real Academia Galega, Editoriais Galegas, Dirección Xeral de Política Lingüística, Asociacións da Prensa, Meios de Comunicación, Empresas de Doble, Asociacións Culturais, etc.

EN DESACORDO COA POLÍTICA LINGÜÍSTICA OFICIAL

As asociacións convocantes pretenden tamén "unir os esforzos de todos os que neste momento están en desacordo coa actual política sócio-lingüística que le-

van adiante as Institucións Públicas do país, baseada no folclorismo e na represión en todos os ámbitos: ensino, medios de comunicación, administración, creación literaria, etc."

O "Encontro" que se celebrará nos días indicados arriba, na Facultade de Económicas de Santiago, dará comezo e remate con sendas conferencias de Pilar Vázquez Cuesta e Ricardo Carvallo Calero.

A presentación de ponencias será aberta a todos os convocados e deberán versar sobre algun dos cinco aspectos que nuclearán os debates: Ensino en Galego, Meios de Comunicación, O galego na Administración e na lexislación, Estandarización do galego e Creación Literaria.

M.V.

Abriu a exposición "Castelao" do Ministerio de Cultura español

Desde o 3 de Marzo e até o 13 de Abril está aberta en Madrid a mostra itinerante que, patrocinada polo Ministerio de Cultura español, se dedica a Castelao.

A exposición, cuxo equipo coordinador tiña á fronte a Xosé Antón Durán (ver ANT nº 286), móstrase através dun cento de paneis divididos tematicamente: un primeiro grupo histórico-biográfico, un segundo temático sobre a súa obra e un terceiro dando unha visión miscelánea do seu labor. Paneis que viaxarán, desde o mes de Outubro, nun "Tren Castelao", polas diferentes estacións e que se está estudando que entre tamén en Portugal.

Paralelamente expónense 200 obras orixinais: óleos, aguarelas, debuxos, algúns dos cais eran



Autocritura

praticamente descoñecidos pois pertencen a coleccións particulares. Os museos de Castrelos, Pontevedra e Carlos Maside son que fornecen o grosso dos materiais.

A exposición exporase despois por Santiago, Vigo, A Coruña, Pontevedra, Rianxo, Ourense, Lisboa, outras cidades do Estado e posiblemente chegue á outra beira do Atlántico, na Arxentina. Mentres circule por Galiza e Portugal a organización afirmou que a exhibición será con textos só en galego.

Apresentouse simultaneamente o catálogo da exposición, que é, máis que nada unha extensa colección de artigos sobre Castelao, con filmes que van desde Méndez Ferrín a Isaac Díaz Pardo, Xavier Castro, Gustavo Luca de Tena,...